



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE “REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS N.º 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIS”

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO.

1.- OBXECTO E CUALIFICACIÓN.

O obxecto do contrato é a realización das obras de REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/ MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURAIS, cuxa codificación é CPV 45230000.

A obra comprende a rehabilitación das casas modernistas denominadas Casa de Goday, Campaneiro e Dña. Tomasa, así como a adecuación do seu entorno, de conformidade co proxecto aprobado polo Pleno do Concello en sesión de 11 de setembro de 2017.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

A súa execución deberá realizarse de acordo co proxecto técnico aprobado polo órgano de contratación e que integra os documentos necesarios enumerados no artigo 123 do Texto Refundido da Lei de Contratos do sector Público, en adiante TRLCSP, incluído o correspondente estudo de seguridade e saúde.

2.- ORZAMENTO E TIPO DE LICITACIÓN

O orzamento do presente contrato ascende á contía de 2.148.760,33 euros, ó que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 451.239,67 euros, o que supón un total de 2.600.000,00 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 2.148.760,33 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións do mesmo.

O importe abonarase con cargo á aplicación 334.61900 do vixente Orzamento Municipal, existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

Entenderase que as ofertas dos licitadores comprenden tanto o prezo do contrato como o Imposto sobre o Valor Engadido e demais tributos que sexan de aplicación segundo as disposicións vixentes. A cantidade correspondente ó IVE figurará como aplicación independente, de conformidade co artigo 87.2 do TRLCSP e modelo de oferta económica do presente prego.

Distribución plurianual:

- Ano 2017: 862.644,60 euros
- Ano 2018: 921.680,47 euros.
- Ano 2019: 815.674,93 euros.

3.- FINANCIAMENTO POR ANUALIDADES.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O crédito orzamentario dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó gasto do contrato queda distribuído nas seguintes anualidades:

ANO	2017	2018	2019
DESTINO	Rehabilitación das vivendas nº 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais		
APLICACIÓN	334.61900	334.61900	334.61900
IMPORTE	862.644,60	921.680,47	815.674,93
TOTAL GASTO		2.600.000,00 euros	

A obra atópase financiada pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo o Plan de Obras e Servizos 2017, 2018 e 2019 (Plan Concellos) e subvención para investimentos en equipamentos e dotacións singulares na mellora do reequilibrio territorial dos servizos en Concellos de menos de 20.000 habitantes (exercicios 2017, 2018 e 2109), así como aportación do Concello de A Illa de Arousa no exercicio 2019.

O financiamento das Administracións implicadas por anualidades é o seguinte:

Deputación Provincial de Pontevedra:

- Ano 2017: 862.644,60 euros.
- Ano 2018: 921.680,47 euros.
- Ano 2019: 592.145,34 euros.

Concello de A Illa de Arousa:

- Ano 2019: 223.529,59 euros.

O importe correspondente á anualidade de 2017 do Plan Concellos foi obxecto de modificación orzamentaria de incorporación de remanente ó orzamento prorrogado do presente exercicio, e os importes correspondentes ó exercicio 2018 mediante xeración de ingresos no citado orzamento prorrogado.

Polo que para a anualidade do presente exercicio, o crédito dispoñible será de 1.784.325,07 euros, financiado a cargo da aplicación orzamentaria 334.61900.

En consecuencia co carácter plurianual do investimento e os compromisos de gasto para exercicios futuros, a Corporación asume o compromiso de incluír no orzamento do exercicio 2019 os importes correspondentes a cada anualidade, salvo que se anticipase o financiamento previsto, nese caso incorporaríase ó orzamento do ano correspondente mediante a oportuna modificación orzamentaria e reaxuste de anualidades.

4.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

O órgano de contratación será o Pleno do Concello, en aplicación do disposto na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O prazo de execución do contrato de obras será de 14 meses, a contar desde o día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista razón fundada que impida o seu comezo.

Os licitadores deberán presentar na proposta económica un programa de traballo que contemple o desenvolvemento das unidades de obras que se van realizar en cada prazo.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato na súa totalidade dentro do prazo ofertado, así como nos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

O citado prazo so se prorrogará cando o órgano de contratación así o aprobe, sempre que concorran os requirimentos esixidos pola lexislación vixente e previa petición do contratista co informe favorable do director de obra. No caso de prórroga, proposta pola dirección d eobra, o órgano de contratación terá que aprobar o expediente pertinente que implica a modificación.

6.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumeran os artigos 54 e 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou se atopen debidamente clasificadas.

A administración poderá contratar con unións de empresarios que se constituían temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos, cada unha das empresas que a compoñen deberá indicar nomes e circunstancias dos que a constituían e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal, en caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Así mesmo, deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula 12 e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose a efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos integrantes desta. E no caso de que se esixa clasificación estarase ó disposto no artigo 67.5 do TRLCSP.

No suposto de resultar adxudicataria, a unión temporal deberá formalizarse, en escritura pública, así como presentar o NIF das unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ó da data en que se reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente ca do contrato ata a súa extinción.

As citadas empresas deberán ter por obxecto realizar actividades que teñan relación directa co obxecto do contrato e dispor dunha organización dotada de elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios que concorran agrupados en unión temporais quedarán obrigados solidariamente ante a administración.

7.- CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 11.3 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en concordancia co 65.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para contratar será requisito indispensable que o empresario dispoña da seguinte clasificación: Grupo: K Subgrupo: 7 Categoría: 4.

II.- ADXUDICACIÓN.

8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN E ADXUDICACIÓN.

A forma de adxudicación do contrato de obras de “Rehabilitación das vivendas nº 1, 3 e 5 da R/ Marqués de Bradomín para equipamentos socioculturais” será o procedemento aberto, tramitación urxente, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e ca cláusula 13ª deste Prego.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

9.- ANUNCIOS.

O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante (artigo 142 e 53 do TRLCSP).

10.- PERFIL DO CONTRATANTE.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: “www.ailladearousa.es/contratacion”.

11.- PROPOSICIÓNS: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral Concello de A Illa de Arousa, con domicilio na R/ Palmeira nº 25, en horario de de 9,00 a 14,00 horas, dentro do prazo de vinte e seis días naturais contados a partir do día seguinte ó de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante.

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Se o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado, domingo ou festivo, prorrogárase o prazo ata o primeiro día hábil seguinte a este.

Así mesmo, as proposicións poderán presentarse, por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de Correos, e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax, telegrama ou correo electrónico no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de Contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións ás que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

12.- PROPOSICIÓNS: DOCUMENTACIÓN.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en TRES SOBRES PECHADOS, asinados polo licitador, con indicación do nome do licitador, CIF, enderezo e teléfono de contacto, así como o número de inscrición do rexistro de contratistas (se é o caso), nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación de obras de REHABILITACIÓN DAS VIVENDAS Nº 1, 3 E 5 DA R/MARQUÉS DE BRADOMÍN PARA EQUIPAMENTOS SOCIOCULTURALS». A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación Administrativa.**
- **Sobre «B»: Documentación dos criterios non avaliábles mediante fórmulas.**
- **Sobre «C»: Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A» **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

1.- DOCUMENTACIÓN COMPLETA.

A.- Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario:

A.1.- Empresario individual: Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

A.2.- Persoas xurídicas: Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fora: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF) debidamente compulsada.

A.3.- Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo ca lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4.- Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo ca lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo cas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición adicional 14 TRLCSP).

A.5.- Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación ca administración en forma substancialmente análoga.

A.6.- Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ó licitante (artigo 146.1.e do TRLCSP)

B.- Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Documento acreditativo de que a empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (artigo 55 do TRLCSP).

C.- Unións temporais de empresas.

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE no caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP e cláusula 8 do presente prego.

D.- Poder debidamente bastantado.

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre perante a administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que a dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil.

Os poderes ós que se refire este apartado deberán bastantarse previamente polo/a secretario/a da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

E.- Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:

Declaración responsable de que a empresa interesada non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TRLCSP, axustado ó seguinte modelo:

“D/Dª..... con DNI..... e domicilio en provincia de rúa nº..... en nome propio ou en representación da empresa..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar ca administración establecidas nos artigos 60 e 146.1.c do TRLCSP.

Así mesmo declara que está ó corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e ca Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)””

F.- Documento de clasificación empresarial:

Certificación expedida pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Ministerio de Facenda (ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia) de estar clasificado nos grupos, subgrupos e categoría especificado na cláusula novena e no cadro de características do contrato.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Non obstante, para as empresas non españolas de estados membros da Comunidade Europea que non estean clasificadas será suficiente que acrediten perante o órgano de contratación a súa solvencia económica e técnica na forma prevista no apartado F) da presente cláusula.

Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

G.- Acreditación de solvencia económica e financeira, e de solvencia técnica:

Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira, así como a solvencia técnica:

G.1.- Acreditación da solvencia económica e financeira:

- As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

G.2.- Acreditación da solvencia técnica:

- Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e se levaron normalmente a bo termo; se é o caso, os devanditos certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

Nota importante: O acreditamento das circunstancias sinaladas nos apartados anteriores poderase realizar mediante a certificación dun rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas ou mediante un certificado comunitario de clasificación, e deberá acompañarse dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.

H.- Compromiso de adscribir á execución os medios persoais ou materiais suficientes para iso.

Para estes efectos deberán presentar o seguinte documento:

“”D/Dª..... con DNI e domicilio en
provincia de rúa nº en nome
propio ou en representación da empresa á que representa no procedemento de
adxudicación do contrato de execución da obra
- Título:



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Declara que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos para a correcta execución da obra e a presentar dentro do prazo establecido para a adxudicación da obra a correspondente documentación xustificativa no caso de que a oferta sexa a máis vantaxosa.

(Lugar, data e firma do proponente)''''

I.- Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións.

Axustarase ó seguinte modelo:

*''D/D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)*

Autoriza para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

- a. Fax: _____*
- b. Correo electrónico: _____*

(Lugar, data e firma do proponente)''''

J.- Certificado sobre traballadores con discapacidade.

Para os efectos dispostos na cláusula 15^a (criterios de desempate) presentarse unha declaración axustada ó seguinte modelo:

*''D. /D^a _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)*

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do proponente)''''

K.- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

2.- DOCUMENTACIÓN SIMPLIFICADA: DECLARACIÓN RESPONSABLE

A.- Declaración responsable:



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

De acordo co disposto no artigo 146.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o órgano de contratación, se o estima conveniente, poderá establecer neste prego de cláusulas administrativas particulares que a achega inicial da documentación establecida no apartado primeiro do mesmo artigo substitúase por unha declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. En tal caso, o licitado a cuxo favor recaia a proposta de adjudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adjudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos.

A declaración responsable presentárase conforme ó seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

_____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, a efectos da súa participación na licitación _____, ante _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar na contratación das obras de _____.

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adjudicatario do contrato de obras consistente en _____, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, no seu caso, representación.
- Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e atópase ó corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e ca Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que a dirección de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.
- Que se compromete a adscribir á obra os medios persoais e materiais esixidos para a correcta execución da obra.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adjudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Firma do declarante,

Asdo.: _____»

B.- Certificado sobre traballadores con discapacidade.

Para os efectos dispostos na cláusula 15ª (criterios de desempate) presentarase unha declaración axustada ó seguinte modelo:

“”D. /Dª _____ con residencia _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ con NIF nº _____ en nome propio ou en nome e representación da empresa _____ con NIF _____ e domicilio en _____ provincia de _____ rúa _____ nº _____ teléfono _____ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
(Título: ...)

Certifica:

1º) Que o número global de traballadores de persoal é de _____, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de _____, o que representa un _____% (superior ao 2%)

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do _____ %

(Lugar, data e firma do propoñente)””

C.- Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

SOBRE «B»

DOCUMENTACIÓN DE CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Incluirá a seguinte documentación:

- 1.- Como primeiro documento presentarase unha relación numerada e foliada de todos os documentos asinada e selada polo representante legal da empresa.
- 2.- Memoria constructiva.
- 3.- Memoria de seguridade e saúde.
- 4.- Programa de actuacións ambientais.

Toda a documentación relativa a este sobre deberá presentarse en papel, formato A4, acompañada de soporte informático cd room.

SOBRE «C»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

FORMA AUTOMÁTICA.

A) Proposición económica.

Presentarase conforme ó seguinte modelo:

“ _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, núm. __, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, decatado do expediente para a contratación das obras de _____ por procedemento aberto oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, con carácter plurianual, anunciado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. __, de data _____, e no perfil de contratante, fago constar que coñezo o prego que serve de base ó contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a __ de _____ de 20__.

Firma do candidato,

Asdo.: _____.”

B) Melloras en mobiliario e equipamento interior dos inmobles, valorada economicamente no seu importe total.

13.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase ós seguintes criterios directamente vinculados ó obxecto do contrato:

13.1.- Enumeración dos criterios non avaliábles mediante fórmulas (SOBRE B):

Os criterios avaliábles mediante xuízos de valor valoraríanse cun máximo de **50 PUNTOS**, de conformidade cos seguintes criterios:

- Memoria constructiva, ata un máximo de 40 puntos.
- Memoria de seguridade e saúde, ata un máximo de 5 puntos.
- Programa de actuacións ambientais, ata un máximo de 5 puntos.

Estes criterios ponderaríanse da seguinte forma:

13.1.1.- Memoria constructiva, ata un máximo de 40 puntos.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Comprende o equipo técnico a empregar na execución da obra, o seu curriculum, experiencia en obras similares, prazos, programa de execución e melloras na cantidade global das obras proxectadas ou dalgunha das súas unidades, e/ou redución do prazo de execución.

Valorarase o coñecemento do proxecto e do terreo onde será executada a obra, debéndose explicar a metodoloxía, así como das provisións a empregar, e dos medios materiais e humanos que se compromete a adscribir.

Os licitadores presentarán un programa de execución da obra que contemple os prazos parciais, debendo existir unha coherencia entre a planificación e os medios adscritos.

Nota importante: Na documentación que se presente no sobre B, e en especial neste apartado, non poderase incluír ningún dato que permita intuír a proposta económica ofertada polo licitador.

Toda referencia económica en relación co programa de traballo e a súa execución por anualidades, no seu caso, presentarase única e exclusivamente no sobre C.

O incumprimento deste precepto acarreará a exclusión da oferta no proceso de licitación.

En relación cas melloras na cantidade global deberase detallar e presentar unha memoria valorada, na que non se terán en conta os gastos xerais, o beneficio industrial, nin o IVE, e na que se indiquen as razóns que xustifiquen esta oferta.

O responsable do contrato ou a dirección de obra decidirán sobre a execución das melloras, reservándose o dereito a poder variar as mesmas en beneficio do interese público, e sempre que poida superar o valor económico das ofertadas.

Pódese ofertar como melloras unha redución no prazo de execución da obra, debéndose xustificar adecuadamente as circunstancias ou solucións técnicas que permitan a mesma.

Os técnicos, en base a documentación, decidirán sobre a viabilidade ou non desta redución, reservándose o dereito de non valorala cando o consideren de imposible cumprimento.

13.1.2.- Memoria de seguridade e saúde, ata un máximo de 5 puntos.

1.- Definición da problemática principal en relación ca seguridade e saúde dos traballos.

Descríbanse as actividades de maior problemática na súa execución en relación ca seguridade e saúde, e defínense as actuacións preventivas a desenvolver a través de procedementos constructivos que integren a prevención de riscos laborais en cada un dos pasos a seguir na execución da correspondente unidade de obra.

2.- Análise da organización preventiva e o sistema de xestión da prevención a desenvolver na obra.

Neste apartado desenvolverase, entre outros aspectos, cal vai a ser o sistema de xestión de prevención de riscos laborais a aplicar na obra, debendo especificar os medios de



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

coordinación preventiva necesarios, de acordo co disposto no Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, de coordinación de actividades empresariais, así como a forma en que se vai realizar a información de riscos e medidas preventivas ós traballadores na obra, a supervisión das avaliacións de riscos e medidas preventivas específicas para a obra a presentar por cada un dos subcontratistas intervinientes, etc. Así mesmo, presentarase o sistema de selección de empresas subcontratistas en relación con aspectos a considerar en materia de prevención de riscos laborais.

3.- Análise das actividades de especial perigosidade a desenvolver na obra (Anexo I do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción).

Neste apartado desenvolverase, entre outros aspectos, a descrición das actividades de especial perigosidade a executar na obra, así como a designación dos recursos preventivos para realizar a supervisión e control permanente en obra dos citados traballos. Verificarase que as persoas asignadas reúnan os coñecementos, cualificación e experiencia necesarias, así como que contén ca formación mínima de nivel básico en prevención de riscos laborais, todo iso de acordo co establecido na Lei 54/2003, de 12 de decembro, de reforma do marco normativo da prevención de riscos laborais.

4.- Análise da proposta de información e estudo dos índices de siniestralidade da obra.

Neste apartado analizarase a proposta de presentación dos distintos índices de sinistralidade, así como a súa análise en comparación cos do sector da construción. Así mesmo presentarase as propostas de estudo dos accidentes acaecidos na obra.

5.- Relación de maquinaria, ferramentas e medios auxiliares a utilizar na obra.

Neste apartado solicitarase a documentación acreditativa de que toda a maquinaria e ferramentas auxiliares cumpren a normativa vixente en materia de seguridade e saúde, e as revisións e mantementos de cada unha das máquinas xunto co protocolo de seguimento destas revisións e mantementos. Tamén se incluírán os documentos de autorización de uso de cada máquina ou equipo de traballo, cos nomes dos traballadores autorizados para o seu uso.

6.- Documentación acreditativa da formación, información e entrega de EPI's.

Presentarase proposta de como realizar a formación dos traballadores en obra, así como de información dos riscos a que están sometidos nas mesma. Reflectirase o sistema de revisión e seguimento dos mencionados aspectos de formación e información. Presentarase o protocolo de entrega dos equipos de protección individual, da súa correcta utilización, mantemento, e sobre os riscos dos que o protexen, así como se definirá como se verificará a utilización dos mesmos por parte dos traballadores.

7.- Relación de protección colectivas a empregar na obra.

Presentarase as protección colectivas necesarias a utilizar na obra, determinando como se definirá a súa necesidade e como se verificará a súa correcta utilización, estado e reposición.

13.1.3.- Programa de actuacións medioambientais, ata un máximo de 5 puntos.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Para este Programa valoraranse as propostas de medidas de xestión medioambiental e dos produtos a utilizar na obra, con inclusión dos certificados e demais documentos acreditativos destes requerimentos. Especialmente cualificarase a precisión na identificación de unidades de obra que poidan xerar impactos, a dispoñibilidade de instrucións de traballo, a organización física da obra, a localización de vertedoiros, a identificación de requerimentos legais e os sistemas de boa xestión medioambiental propostos.

As medidas medioambientais valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

a) Se a execución da obra se realizará nun marco de xestión medioambiental de acordo ó regulamento comunitario CEE 1836/1993, ou ben ás normas internacionais ISO (serie 1S014000) europeas EN ou españolas UNE (77/801-94 e 77/802-44).

b) Se os materiais que utilizará o licitador proveñen dun proceso de reciclado ou reutilización en máis dun 50%, conforme a certificación emitida por un laboratorio ou organización que non forme parte do mesmo grupo de empresas ó que pertenza a ofertante.

Estes materiais deberán cumprir as especificacións técnicas do proxecto, así como o prego de prescricións técnicas e calquera outra norma técnica de obrigado cumprimento.

c) Se os materiais que utilizará o licitador son reutilizables ou teñen un grao de reciclabilidade superior ó 50%, conforme a certificación emitida por un laboratorio ou organización que non forme parte do mesmo grupo de empresas ó que pertenza a ofertante.

Estes materiais deberán cumprir as especificacións técnicas do proxecto, así como o prego de prescricións técnicas e calquera outra norma técnica de obrigado cumprimento.

d) Se na execución da obra se contempla algunha das seguintes medidas: xestión ambiental de terras e materiais de obra, restauración paisaxística; redución na xeración de residuos; diminución da contaminación por verquidos, acústica, atmosférica ou do chan; redución do impacto visual, cultural ou sociolóxico; limitación de impacto sobre fauna e flora local; diminución do uso de combustibles fósiles ou utilización de enerxías renovables.

13.2.- Enumeración dos criterios avaliábles mediante fórmulas (SOBRE C):

Nota importante: So se procederá á apertura e valoración das propostas do Sobre C daquelas empresas que obtivesen unha ponderación dos criterios avaliábles mediante xuízos de valor que superen os 30 puntos.

Os criterios avaliábles mediante fórmulas valoraranse con máximo de **50 PUNTOS**, de conformidade cos seguintes criterios:

- Valoración da oferta económica, ata un máximo de 40 puntos.
- Melloras en mobiliario e equipamento interior dos inmobles, ata un máximo de 10 puntos.

13.2.1.- Valoración da oferta económica, ata un máximo de 40 puntos.

Entenderase por ofertas admitidas todas aquelas que non quedaren excluídas unha vez aberta a documentación administrativa contida no Sobre A, e unha vez celebrado o acto público de apertura de documentación técnica contida no Sobre B e a súa posterior análise, así como todas aquelas que non sexa declaradas desproporcionais ou anormais.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados, considerarase que están incursos nesta situación (baixa temeraria) as proposicións cunha baixa que superen nun 5,00% o valor da baixa media de todas as ofertas admitidas administrativa ou tecnicamente.

As ofertas que coincidan co orzamento base de licitación valoraranse en 0,00 puntos.

A oferta máis baixa das admitidas valorarase con 40,00 puntos.

As ofertas intermedias valoraranse de acordo ca fórmula que se indica a continuación:

$$\text{Puntuación máxima} \times \frac{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo ofertado}}{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo máis baixo}}$$

13.2.2.- Melloras en mobiliario e en equipamento interior dos inmobles, ata un máximo de 10 puntos.

En relación con estas melloras, deberase presentar un importe económico global da cantidade ofertada, na que non se terán en conta os gastos xerais, o beneficio industrial, nin o IVE.

O responsable do contrato ou a dirección de obra decidirán sobre as características do mobiliario e equipamento no que se aplicará a cantidade ofertada como mellora neste apartado.

14.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Consideranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados as proposicións cunha baixa que supere nun 5,00% o valor da baixa media de todas as ofertas admitidas administrativa ou tecnicamente.

Cando a Mesa de Contratación considere que a proposición non se poderá cumprir como consecuencia das baixas anormais ou desproporcionadas, darase audiencia ó contratista, por un prazo máximo de cinco días hábiles, para que xustifique a valoración da oferta e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

No procedemento solicitarase o asesoramento técnico correspondente.

15.- CRITERIOS DE DESEMPATE.

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ó 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ó 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida nas cláusulas 12.1.J e 12.2.B.

16.- GARANTÍA PROVISIONAL.

En consonancia co disposto no artigo 103 do TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

17.- MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, polo menos catro vocais, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ó servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D. Carlos Iglesias Cores (Alcalde-Presidente do Concello), que actuará como Presidente da Mesa.
- D. Daniel Angel Lamas Bello, Vocal (Secretario- Interventor da Corporación).
- Dna. Pastora Parada Portas, Vocal (Arquitecta Municipal).
- D. Alfonso Salgado Alonso, Vocal (Voceiro e Concelleiro do Grupo do PSOE).
- Dna. Rosa María Viana Rodríguez, Vocal (Concelleira do Grupo do PSOE).
- D. Juan José González Vázquez, Vocal (Voceiro e Concelleiro do Grupo do PP).
- Dna. Laura Castro Rial, Vocal (Voceiro e Concelleiro do Grupo do BNG).
- D. Xoán Manuel Dopico Orjales, que actuará como Secretario da Mesa.

Ás reunións da mesa de contratación poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.

18.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

19.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓN.

A Mesa de Contratación constituirase o quinto día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 12,00 horas, e procederá á apertura dos Sobres A e cualificará a documentación administrativa contida nos mesmos.

Se fose necesario, a Mesa concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada do órgano de contratación, que se comunicará por fax ou por correo electrónico ós interesados, e se fará público a través do perfil do contratante, baixo apercibimento de exclusión definitiva do licitador se no prazo concedido non procede á subsanación da documentación.

Posteriormente a Mesa, en acto público, sinalará as ofertas cualificadas como admitidas e as inadmitidas, e procederá á apertura dos sobres B, correspondentes á documentación técnica valorable mediante criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

Tras a lectura de devanditas proposicións, esta documentación trasladarase ó equipo técnico redactor do proxecto, que a avaliarán e a poderarán segundo ós criterios e ás ponderacións establecidas neste Prego.

Unha vez avaliada esta documentación técnica, sinalarase no perfil do contratante do Concello a data e hora na que se procederá, en acto público, á apertura dos sobres C da documentación correspondente á valoración de criterios avaliábeis mediante fórmulas.

Neste acto darase a coñecer a ponderación asignada á proposta técnica de cada participante e procederase á apertura dos sobres C daquelas entidades participantes que obtivesen unha valoración superior a 30 puntos sobre ós criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

A Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato.

20.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

Unha vez que a Mesa de Contratación formule a proposta de adxudicación requirirase ó licitador para que presente a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- a) A documentación indicada na cláusula 12.1, salvo que xa obre en poder do órgano de contratación por aportarse ca documentación administrativa.
- b) Certificado de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e ca Seguridade Social.
- c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeron a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 do



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

d) Xustificante de constituír a garantía definitiva do 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar ca Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

21.- GARANTÍA DEFINITIVA.

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

Esta garantía poderá prestarse en algunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e cas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

